



FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Praza Agustín Díaz nº 1 (15008 – A Coruña)

Telf. (34) 981 134 453

Web: www.fgvb.es e-mail: correo@fgvb.es

Circular Informativa nº 8/2021

EMPARELLAMENTOS FASES FINAIS DE PROMOCIÓN CON EQUIPOS SANCIONADOS

(05 de maio de 2021)

Na actual tempada atopamos unha situación non recollida en ningunha normativa ou regulamento: unha competición de Primeira División con 10 equipos inscritos, un dos cales por causa da tramitación dun expediente sancionador é expulsado da competición polo Comité de Competición. Isto provoca que esta competición non teña un equipo clasificado no posto 10º polo que queda unha vacante nos equipos clasificados para xogar a segunda fase da competición e a normativa non recolle como cubrir esa vacante.

Tras consultar as distintas opcións, atendendo ao informe emitido polo Departamento de Competicións e en aplicación dos artigos 29.1 e 29.2 das Normas Xerais de Competición de Voleibol, a Federación acordou que no serpentín de cruces a praza que quedou valeira do 10º clasificado de Primeira División sexa ocupada polo 1º Clasificado de Segunda División, e que o resto de equipos de Segunda División con dereito a participar nesta segunda fase ocupen as prazas libres por orde de clasificación.

A base desta decisión é seguir a política aplicada nos últimos anos pola FGVB, e ratificada pola Asemblea, de primar sempre os méritos deportivos na aplicación de calquera beneficio xurdido no desenvolvemento das competicións e non contemplado na normativa.

Atentamente,



J. Ramón Baña
Secretario Xeral